



ALBERT ROBIDA

COMPIÈGNE, FRANCIA, 1848 - NEUILLY-SUR-SEINE, FRANCIA, 1926

Considerado o Xulio Verne do lapis, este debuxante, caricaturista e cronista deixou un legado de máis de sesenta mil debuxos e douscentos libros ilustrados. Mestre da anticipación, é sobre todo coñecido pola súa triloxía futurista composta polas obras *Le Vingtième siècle*, *La Guerre au vingtième siècle* e *La Vie électrique*, publicadas entre 1883 e 1891. Albert Robida non contaba coa bagaxe científica nin os coñecementos de Verne, pero si estaba dotado dunha imaxinación moi intuitiva e soubo mostrar un porvir no que as innovacións científicas estaban perfectamente integradas na vida cotiá. Bo representante da fe no progreso e a electromanía propias da súa época, Robida debuxou inventos como os tubos terrestres de gran velocidade, as aeronaves ou o teléfonoscopio, un sistema a medio camiño entre a televisión e internet. Robida situou as súas máquinas nun contexto social tamén cambiante: a muller, liberada dos quefaceres domésticos grazas ás novas tecnoloxías, emancípase, vota, fuma, é avogada, banqueira, xornalista ou política. Neste sentido, Robida superou con creces ao misóxino Xulio Verne.

COMPIÈGNE, FRANCIA, 1848 - NEUILLY-SUR-SEINE, FRANCIA, 1926

Considerado el Julio Verne del lápiz, este dibujante, caricaturista y cronista dejó un legado de más de sesenta mil dibujos y doscientos libros ilustrados. Maestro de la anticipación, es sobre todo conocido por su trilogía futurista compuesta por las obras *Le Vingtième siècle*, *La Guerre au vingtième siècle* y *La Vie électrique*, publicadas entre 1883 y 1891. Albert Robida no contaba con el bagaje científico ni los conocimientos de Verne, pero sí estaba dotado de una imaginación muy intuitiva y supo mostrar un porvenir en el que las innovaciones científicas estaban perfectamente integradas en la vida cotidiana. Buen representante de la fe en el progreso y la electromanía propias de su época, Robida dibujó inventos como los tubos terrestres de gran velocidad, las aeronaves o el teléfonoscopio, un sistema a medio camino entre la televisión e internet. Robida situó sus máquinas en un contexto social también cambiante: la mujer, liberada de los quehaceres domésticos gracias a las nuevas tecnologías, se emancipa, vota, fuma, es abogada, banquera, periodista o política. En este sentido, Robida superó con creces al misógino Julio Verne.



ISAAC ASIMOV

PETRÓVICH, RUSIA, 1920 - NOVA YORK, EUA, 1992

Isaac Asimov é un dos nomes fundamentais da ciencia ficción. Chegou con tres anos a Estados Unidos; aos dezanove publicou o seu primeiro relato nunha revista *pulp*. Comezou así unha vertiginosa carreira como escritor que chegou case aos cincocentos títulos, con fitos imprescindibles do xénero como o ciclo da Fundación –premio Hugo á mellor saga de todos os tempos– ou a súa serie dos robots –para a que acuñou o termo robótica– e as súas famosas «tres leis», que deberían rexer o comportamento futuro das máquinas pensantes. Titulado en Química e Bioquímica, asinou como divulgador libros de practicamente todas as áreas do coñecemento, algúns tan destacados como a súa *Guía Universal Asimov*. Foi o herdeiro da concepción literaria de Verne –a quen cualificou como «o máis grande escritor de ciencia ficción do século XIX»– ao combinar unha esixente verosimilitude científica coa súa inserción en estruturas de xéneros tan populares como o policíaco, así como polo seu empeño en abranguer todos os aspectos de saber. Grazas a el, coñecemos a serie de tarxetas que Jean Marc Côté debuxou en 1899 plasmando a súa particular visión de como sería o ano 2000, un verdadeiro tesouro achado por casualidade.

PETRÓVICH, RUSIA, 1920 - NUEVA YORK, EE. UU., 1992

Isaac Asimov es uno de los nombres fundamentales de la ciencia ficción. Llegó con tres años a Estados Unidos; a los diecinueve publicó su primer relato en una revista *pulp*. Comenzó así una vertiginosa carrera como escritor que rondó los quinientos títulos, con hitos imprescindibles del género como el ciclo de la Fundación –premio Hugo a la mejor saga de todos los tiempos– o su serie de los robots –para la que acuñó el término robótica– y sus famosas «tres leyes», que deberían regir el comportamiento futuro de las máquinas pensantes. Titulado en Química y Bioquímica, firmó como divulgador libros de prácticamente todas las áreas del conocimiento, algunos tan destacados como su *Guía Universal Asimov*. Fue el heredero de la concepción literaria de Verne –a quien calificó como «el más grande escritor de ciencia ficción del siglo XIX»– al combinar una exigente verosimilitud científica con su inserción en estructuras de géneros tan populares como el policíaco, así como por su empeño en abarcar todos los aspectos del saber. Gracias a él, conocemos la serie de tarjetas que Jean Marc Côté dibujó en 1899 plasmando su particular visión de cómo sería el año 2000, un verdadero tesoro hallado por casualidad.